

MANUAL DE FORMACIÓN DE BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. BIOSEGURIDADE. LIMPEZA E DESINFECCIÓN



MANUAL DE FORMACIÓN DE BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. BIOSEGURIDADE. LIMPEZA E DESINFECCIÓN

XUNTA DE GALICIA
Consellería do Medio Rural e do Mar
Santiago de Compostela
2014

Coordinación:

Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez
José Luis Puerta Villegas
Isabel Blanco Penedo
Mercedes Camiña García
María del Mar Yllera Fernández

Autores:

Ángeles Moreno Grande (ACRUGA-España)
José Luis Puerta Villegas (XUGA-España)
Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez (XUGA-España)
María del Mar Yllera Fernández (USC-España)
Isabel Blanco Penedo (IRTA-España)
Mercedes Camiña García (USC-España)
José Pedro Araújo (IPVC-Portugal)
Joaquim Lima Cerqueira (IPVC-Portugal)
Julio Gómez Fernández (USC-España)

Edita: Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

Ano: 2014

1. O proceso de eliminación de formas vexetativas de microorganismos denomínase:

- a. Corentena
- b. Desinfección
- c. Fumigación unicamente
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

2. O conxunto de medidas que evitan ou reducen a transmisión de axentes causantes da enfermidade e os seus vectores denomínase:

- a. Corentena
- b. Bioseguridade
- c. Fumigación
- d. Manexo.

3. O illamento preventivo de animais que evita a propagación de enfermidades denomínase:

- a. Corentena
- b. Bioseguridade
- c. Risco biolóxico
- d. Vector.

4. Os roedores, insectos, etc., considéranse:

- a. Vectores
- b. Subprodutos
- c. Esporas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

5. Son características dun bo ou correcto plan de bioseguridade:

- a. Participativo
- b. Práctico e irrealista
- c. Simple e económico
- d. As respostas “a” e “c” son correctas.

6. Son medidas de loita contra os vectores (insectos):

- a. Teas mosquiteiras
- b. Repelentes
- c. Limpeza, desinfección e desratización
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Un axente que pode transmitir ou propagar unha enfermidade dun organismo a outro denomínase:

- a. Perigo
- b. Corentena
- c. Bioseguridade
- d. Vector.

8. Para evitar a propagación de enfermidades polos medios de transporte recoméndase:

- a. Rodiluvios
- b. Sulfatadoras ou mochilas de desinfección
- c. Equipos de lavado
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

9. Recoméndanse os pediluvios para mellorar a bioseguridade con:

- a. Vehículos
- b. Persoas
- c. Animais
- a. As respostas “b” e “c” son correctas.

10. Os locais de muxidura e almacenamento de leite deben:

- a. Estar apartados da zona de estabulación
- b. Impedir a entrada de vectores
- c. Contar con materiais doados de limpar e desinfectar
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

11. Segundo os principios da bioseguridade os equipos e utensilios dunha explotación:

- a. Supervisaranse periodicamente
- b. Limparanse e desinfectaranse frecuentemente
- c. Repararanse cando sexa necesario
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

12. O intervalo de temperatura ambiental óptima para todos os procesos produtivos e fisiolóxicos do animal denomínase:

- a. Zona termoneutra
- b. Zona de termoconfort
- c. Zona de temperatura crítica
- d. Zona letal.

13. A proliferación de parasitos e fungos favorécese con:

- a. Humidade alta e temperatura alta
- b. Humidade alta e temperatura baixa
- c. Ambiente seco
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

14. Unha alta porcentaxe de humidade e temperatura baixa favorece a aparición de:

- a. Enfermidades respiratorias
- b. Enfermidades dixestivas
- c. Non provoca enfermidades
- a. As respostas “a” e “b” son correctas.

15. Débese renovar como norma xeral o aire dunha explotación con intervalos:

- a. Infrecuentes
- b. Mínimos de 200 veces á hora
- c. 15 –20 renovacións /hora
- a. Todas as respostas anteriores son correctas.

16. Unha excesiva concentración de amoníaco provoca nos animais:

- a. Queratoconxuntivite
- b. Trastornos respiratorios
- c. Irritación de mucosa
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

17. Que tipos de ventilación debemos considerar na instalación dunha explotación gandeira:

- a. Estática ou natural
- b. Dinámica ou forzada
- c. Mixta por convección dinámica
- d. As respostas "a" e "b" son correctas.

18. Os extractores nunha nave provocan ventilación por:

- a. Depresión
- b. Sobrepresión
- c. Introspección
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

19. A luz ten efecto sobre:

- a. A reprodución
- b. Os rendementos produtivos
- c. Os microorganismos (é microbicida)
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

20. Son factores que cómpre ter en conta na utilización no uso da luz:

- a. O fotoperíodo
- b. A intensidade e a duración
- c. Son correctas as respostas "a" e "b"
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

21. O ruído provoca:

- a. Estrés
- b. Relaxación
- c. Sono
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

22. Recoméndase como mínimo un control da auga da explotación polo menos:

- a. 1 vez ao ano
- b. 3 veces ao ano
- c. 10 veces ao ano
- d. 2 veces ao ano.

23. Son controis de calidade microbiolóxica da auga a detección de:

- a. Dureza
- b. Olor
- c. Ph
- d. Presenza de salmonela.

24. O conxunto de normas e procedementos sobre os contaminantes para previr enfermidades denomínase:

- a. Hixiene
- b. Prevención de riscos
- c. PNIR
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

25. A desparasitación realízase:

- a. Unicamente en animais
- b. Unicamente nos pastos
- c. Unicamente por vía interna
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

26. A corentena realízase:

- a. Unicamente aos animais da explotación
- b. Unicamente aos animais que se introducen na explotación
- c. Unicamente aos animais sen documentación
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

27. A vacunación considérase unha inmunización:

- a. Pasiva
- b. Activa
- c. Intermedia
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

28. O costro considérase unha inmunización:

- a. Activa
- b. Pasiva
- c. Intermedia
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

29. É unha zoonose vírica a:

- a. Glosopeda
- b. Brucelose
- c. Toxoplasmose
- d. Triquinose.

30. É unha zoonose bacteriana:

- a. Brucelose
- b. Toxoplasmose
- c. Triquinose
- d. Febre aftosa.

31. É unha zoonose parasitaria:

- a. Toxoplasmose
- b. Sarna
- c. Hidatidose
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

32. O proceso polo cal se elimina a materia orgánica que impide a activación do desinfectante denomínase:

- a. Pediluvio
- b. Desinfección
- c. Limpeza
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

33. Son características dun desinfectante ideal:

- a. A corrosión
- b. A toxicidade alta
- c. A ineficacia
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

34. Son medidas preventivas que se utilizan na desinsectación:

- a. Teas mosquiteiras
- b. Evitar augas estancadas
- c. Utilización de repelentes e insecticidas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

35. Para optimizar a recollida de cadáveres de animais de pequeno tamaño (coellos, aves) está indicada:

- a. A conxelación unicamente
- b. A refrixeración
- c. A compostaxe e acidificación
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

36. Os residuos sanitarios:

- a. Pódense tirar ao lixo
- b. Pódense almacenar en lugares específicos
- c. Se son vacinas deben levarse a unha farmacia
- d. Todas as respostas anteriores son verdadeiras.

37. Son programas sanitarios obrigatorios para as agrupacións de defensa sanitaria de Galicia en bovinos:

- a. EET
- b. Paratuberculose
- c. BVD e IBR
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

38. Son programas sanitarios de porcino:

- a. Aujeszky
- b. Seroloxía de PPC
- c. Seroloxía de PPA e vesicular
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

39. Son programas sanitarios de avicultura:

- a. Salmonelose
- b. Micoplasmose
- c. Newcastle e influenza aviar
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

40. Son programas sanitarios en apicultura:

- a. Loque americana
- b. Loque europea
- c. Varroa
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

41. As agrupacións de defensa sanitaria denomínanse:

- a. RSA
- b. ASS
- c. ADS
- d. ARS

42. Os tratamentos veterinarios:

- a. Deben apuntarse no libro de tratamentos
- b. Nunca deben apuntarse no libro de tratamentos
- c. Unicamente os antibióticos se apuntarían no libro de tratamentos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

43. Un animal afectado de neospora:

- a. Recoméndase a súa eliminación
- b. Non se recomenda a súa eliminación
- c. Vacínase unicamente
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

44. Síntomas no gando vacún como mucosidade, tose, abortos, son típicos de:

- a. Neospora
- b. BVD
- c. IBR
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

45. O sistema todo dentro/todo fóra é típico en:

- a. Aves
- b. Porcino
- c. Como prevención de enfermidades de transmisión horizontal
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

1. Son requisitos dun centro de limpeza e desinfección:

- a. Cartel indicador á entrada
- b. Instalacións de auga quente e fría
- c. Foxa de recollida de líquidos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

2. A validez do talón ou certificado de desinfección:

- a. Dende o precintado ata a primeira carga con rotura do precinto
- b. Ata a primeira parada, unicamente sen rotura do precinto
- c. Todas as respostas anteriores son correctas
- d. Durante un mes contados dende o momento da desinfección.

3. Hai unha obriga de conservar o rexistro da LD:

- a. 1 ano
- b. 2 anos
- c. 3 anos
- d. 4 anos.

4. O orixinal do certificado de limpeza e desinfección terao no seu poder:

- a. O transportista unicamente
- b. O coidador unicamente
- c. O encargado do centro de limpeza e desinfección unicamente
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

5. Os equipos de protección individual denomínanse:

- a. EPES
- b. EPAS
- c. EPIS
- d. EPS

6. Nun CLD o proceso de limpeza e desinfección debería constar de:

- a. Limpeza unicamente
- b. Desinfección unicamente
- c. Limpeza e precintado
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

7. Nun CLD o número recomendable de limpeza son:

- a. 1 limpeza
- b. 2 limpeza
- c. 3 limpeza
- d. 4 limpeza.

8. Nun CLD o relavado inclúese na:

- a. 1ª limpeza
- b. 2ª limpeza
- c. 3ª limpeza
- d. 4ª limpeza.

9. Unha característica desexable dos deterxentes é que teñan:

- a. Boa actividade desengraxante
- b. Aplicación complicada
- c. Espumante que deixe residuos
- d. PH ácido unicamente.

10. Os deterxentes poden ser:

- a. Alcalinos
- b. Ácidos
- c. Amónicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

11. Son características propias dun bo praguicida:

- a. Seguridade
- b. Eficacia
- c. Económico
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

12. A efectividade dun praguicida dependerá de:

- a. A taxa de disolución
- b. O volume de desinfectante
- c. O tempo de contacto
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

13. Débese desinfectar un vehículo:

- a. Despois de que se realice un transporte de animais
- b. Non é indispensable se non é un traslado ao matadoiro
- c. Admítense excepcións en feiras
- d. As respostas “a” e “c” son correctas.

14. O uso de deterxente recoméndase na:

- a. 1ª limpeza
- b. 2ª limpeza
- c. Desinfección
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

15. Nun CLD o precintado do vehículo débese realizar en:

- a. As portas
- b. Os accesos á altura da carga
- c. A cabina do vehículo
- e. As respostas “a” e “b” son correctas.

galicia



XUNTA
DE GALICIA